

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

### RESOLUCION DA ALCALDIA NÚM. 399/2022 DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O ANO 2022.

Vista a documentación existente no expediente , resultan relevantes os seguintes:

#### I- FEITOS:

**Primeiro.-** O Concello de Meira ten formalizado coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia un Convenio interadministrativo para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

En virtude do mesmo, a administración autonómica achegará ao concello unha axuda máxima de 250 €/Ha para a roza mecanizada de 69 Ha, por importe de 17.250 €.

**Segundo.-** O Alcalde do Concello de Meira dita Providencia en data 3 de agosto de 2022 na que ordena a incoación do expediente de contratación do servizo dos tratamentos preventivos.

**Terceiro.-** O Alcalde por Resolución da Alcaldía número 342/2022, presta aprobación ao expediente para a contratación do servizo de desbroce mecanizado deste concello, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, publicándose no perfil do contratante a documentación correspondente.

**Cuarto.-** Vista a acta de exame da documentación de data 22 de agosto e a acta de valoración de criterios sometidos a aplicación de fórmulas matemáticas de data 26 de agosto de 2022, onde se propón ao organo de contratación a adxudicación do contrato a favor da licitadora Nogueira e Xeixo, S.C., por ser a proposición máis vantaxosa.

**Quinto.-** O Alcalde por Resolución da Alcaldía número 381/2022, logo da proposta da mesa de contratación, requírelle ao licitador Nogueira e Xeixo, S.C. para que presente a documentación xustificativa a que fai referencia a cláusula 21 do prego de cláusulas Administrativas.

**Sexto.-** Presentada polo licitador o día 31 de agosto de 2022 a documentación correspondente, e examinada a mesma, a considerada conforme.

En uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Adxudicar o servizo de desbroce mecanizado do Concello de Meira para o ano 2022, a favor da licitadora Nogueira e Xeixo, S.C., con CIF J 27359462 e por un prezo total de 17.250 € máis 3.622,50 € corresponden ao IVE, o que fai un total de 20.872,50 €, por ser a proposta máis vantaxosa.

**Segundo.-** Notificarlle á mercantil adxudicataria o presente acordo.

**Terceiro.-** Proceder á publicación da adxudicación no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do concello.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente, ante min, a Secretaria que dou fe.

Meira, 1 de setembro de 2022

A secretaria accidental

O alcalde

Pilar Rozas Alonso

Antonio de Dios Álvarez